

«Calquera toca a morto, pero para manexar as campás hai que saber»

Julio López é un dos últimos campaneiros en activo en Galicia

M. GUNTÍN / M. FERNÁNDEZ
A FONSAGRADA / LA VOZ

Entre as montañas e vales da Fonsagrada, na zona máis oriental da provincia de Lugo, vive Julio López Fernández. Aos seus 66 anos, pode presumir de ser un dos derradeiros campaneiros en activo de Galicia. «Cando tiña 13 anos xa tocaba as campás perfectamente», presume o lucense.

Julio vive en As Pozas, unha aldea que está a 10 quilómetros do núcleo urbano do concello fonsagrado. Aprendeu a tocar as campás cando aínda era un neno, e vivía na Pobra de Burón. «Había un cura maior que me insistiu porque sabía que de cativo eu xa andaba tocando con gaiteiros. El díxome que se sabía tocar o tambor podía tocar as campás tamén. Anímoume e collínlle o gusto ao tema», conta Julio. Comezou entón unha paixón que sigue viva a día de hoxe. Pero este lucense é consciente de que xa non quedan campaneiros na comunidade, e tampouco fóra dela: «Agora todo cambiou, tampouco me chaman para ir tocar ás igrexas», di con mágoa.

Julio López viviu en León durante 20 anos, onde estivo traballando nas minas. Xubilouse antes de tempo con 44 anos e decidiu volver á súa terra, xunto coa súa muller e os seus dous fillos. Agora este matrimonio vive en As Pozas, na parroquia do Trobo (A Fonsagrada). «Cando vivía en León e viña de vacacións, coincidía que había procesións e sempre acudía tocar as campás porque me chamaba un cura que xa faleceu, e que se encargaba de deseñarme o percorrido».

Como se fose pouco o traballo que tiña, Julio tamén participou en orquestras e pequenos grupos musicais, labrando así a súa traxectoria musical. A súa é unha familia de artistas, polo que a súa vocación de campaneiro herdouna no sangue.

Non hay rapaces para aprender

De cativo, a súa obsesión era mirar para outros músicos e gardar sitio na primeira fila das orquestras. «Facia baterías con latas e ao día seguinte de ir a unha romaría xa estaba intentando imitar as mesmas cancións que soaran. A batería é o exemplo dun instru-



Julio, tocando as campás na Igrexa de Santa María do Trobo, que lle dá nome á parroquia. FOTO MANUEL

mento sempre me encantou», di moi convencido. Sen embargo, o seu legado non continuará: «Non lle ensinei a ninguén porque ninguén quixo aprender a tocar as campás, basicamente», asegura.

Non hai nada mellor para entender o oficio do campaneiro que escoitar e ver a Julio en directo e sobre o seu terreo. Xotas e muiñeiras para acompañar as procesións, toques a defunto que varían en función de se o finado é home ou muller, toques a incendio... «Ata hai un toque para o momento de enterrar a alguén na terra que é moito máis apresurado. A morto é un golpe só e máis illado. Tocar a femia, cando a que morreu é unha muller, implica que a campá pequena soe an-

tes que a grande e a macho, no caso de que o finado sexa home, fai que sexa ao revés e comece coa campá máis grande», conta Julio.

Ata hai pouco, este lucense recibía chamadas para tocar con motivo dos defuntos polas distintas parroquias das montañas que están a cabalo entre Galicia e Asturias. «Empezaba a tofeirando cando o coche fúnebre chegaba ao cemiterio. Antigamente, tamén se tocaba a véspera. Agora diso xa non queda nada», relata con pesar.

«Para tocar hay que saber»

Julio, que vive na montaña de Lugo, sabe moi ben de que vai iso da despoboamento, e tamén fala das aldeas baleiras e do que des-

prenden: «Non hai xente e, polo tanto, non hai vida», exclama.

«Antes había moita xente que tocaba as campás e aínda que a morto toca calquera, para facer o demais hai que saber», relata Julio, que tamén explica que sempre hai dúas campás, macho e femia, que son as que permiten o xogo de sons. No día a día, este xubilado pasa o tempo na súa pequena horta e coas súas colmeas. Gozando da paz da montaña da Fonsagrada, tamén se dedica a dar paseos pola natureza e, de cando en vez, sae a pescar e cazar.

Baterías, campás, frutas, harmónicas... Nada se lle resiste a Julio, que leva a música no sangue e pensa seguir tocando «ata que o corpo aguante»

Ancochea: «Los médicos rurales fueron ejemplo de compromiso»

M. RODRÍGUEZ TRIVES / LA VOZ

De todos los premios y distinciones que el neumólogo Julio Ancochea ha recibido a lo largo de su carrera profesional, (Médico del Año 2007, Personalidad sociosanitaria 2016, entre muchos otros), el que este sábado le otorgó el Concello de A Pobra de Trives —el título honorífico de hijo predilecto— ha sido, reconoció, el más especial. Así lo expuso, emocionado, ante un completo auditorio trivés lleno de vecinos y amigos de la infancia y juventud, de compañeros y de autoridades como el conselleiro de Sanidade. El jefe de Neumología del hospital madrileño La Princesa y presidente de la Asociación de Médicos Gallegos Aomega hizo referencia a los médicos rurales con la figura de su propio abuelo, Ramón Bermúdez, que ejerció en la zona en condiciones precarias «sin horarios ni una perra». Esas



Ancochea recibió la distinción de hijo predilecto de Trives. T. CELA

generaciones de médicos rurales fueron, dijo, ejemplo de vocación y compromiso; también lo fue su padre, el último fiscal comarcal, que hubiera cumplido 103 años el día del homenaje.

Ancochea fue coordinador de la Estrategia EPOC del Sistema Nacional de Salud y editó el libro *Memorias de la covid-19*, que vivió en primera persona como neumólogo. El poeta Xosé Lu-

na recordó que Ancochea denunció que el tabaquismo fue la gran epidemia del siglo pasado y una gran mentira. La alcaldesa, Patricia Domínguez, apuntó que, durante la pandemia, el neumólogo mostró una «preocupación exquisita por la salud de los vecinos de su pueblo». En un vídeo, el político Ángel Gabilondo le agradeció que le enseñase a respirar.



OCTAVA GALA CONTRA EL CÁNCER

Cena solidaria en A Toxa

La terraza del Eurostars Gran Hotel de la isla de A Toxa fue escenario, anoche, de la octava gala a favor de la Asociación Española Contra el Cáncer. Amancio López Seijas, el anfitrión, recibió a personalidades como el presidente de la Xunta, Alfonso Rueda, el expresidente Mariano Rajoy y los exministros Pepe Blanco y Ana Pastor, además de rostros conocidos como el de Roberto Vilar. FOTO A. BAULDE